

O sector do libro afea a "falta de apoio" da Xunta e alerta da escasa presenza do galego

Galiza celebra esta cuarta feira, 23 de abril, un Día do libro "agridoce" para as librarías, as editoriais e as propias escritoras e escritores. Malia que as vendas e os índices de persoas lectoras se manteñen nos rexistros dos últimos anos, non acontece o mesmo cos libros escritos en lingua galega, cuxo peso é cada vez máis cativo dentro do sector, que urxe medidas á Xunta para reverter esta situación.

Patricia Villarino 23/abr./25

Galiza celebra esta cuarta feira un Día do libro marcado polo “preocupación” do sector polo presente e o futuro do libro en galego. A pesar de que as cifras xerais de vendas e os índices de lectura manteñen posicións e nalgúns casos mesmo experimentaron unha repunta nos últimos anos, non acontece o mesmo cos libros escritos no noso idioma. **A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), a Asociación Galega de Editoras (AGE) e a Federación de Librarías de Galicia** coinciden en que a porcentaxe que o libro en galego representa é “demasiado baixa”.

O presidente da AGE —que aglutina máis de 40 editoriais do país—, **Miguel Toval**, destaca en conversa con *Nós Diario* que en 2011 o sector facturou cos libros en galego máis de 21 millóns de euros, pero dez anos despois a cifra reduciuse até perto dos 16 millóns, segundo os últimos datos oficiais dos que dispón a entidade. Nesa anualidade, o libro en galego representaba apenas 11% do total do negocio editorial do país. “Agora estamos pendentes dos datos definitivos [de 2022], pero rolda 8% ou menos”, matiza.

O presidente da AELG, **Cesáreo Sánchez**, corrobora estes datos. “Pola parte da creación en galego temos que felicitarnos, estamos nun bo momento a pesar da fragilidade da industria editora”, precisa. Nas últimas dúas décadas o sector pasou de editar unha media de 2.000 libros na lingua propia do país cada ano a só 1.000, “e iso ten moito que ver co descenso no uso do galego”, advirte.

Pola contra, destaca que “a calidade do que se edita na Galiza, tanto en contidos como en libros físicos, está á altura de calquera país europeo”. O contraste entre calidade e cantidade deixa “unha sensación agridoce”, xa que as novas xeracións seguen a crear e a publicar, “pero a falta de empatía e de pulo da Administración fai que moitas veces teñan que concorrer a premios fóra da Galiza”.

Cielo Fernández é a presidenta da Federación de Librarías de Galicia e destaca que, se ben en xeral as vendas “mantivéronse ou mesmo aumentaron algo”, os libros en galego “non experimentan esta mesma tendencia e están, desde logo, por debaixo do que nos gustaría”. Para

Fernández, semella que o libro en galego “segue a ter un nicho moi pequeno e non despega”, pois “a porcentaxe que representa é demasiado baixa”. “Desde a Federación gustaríanos unha aposta forte pola nosa cultura, e iso non está pasando”, lamenta.

Sen acordo coa Xunta para as feiras deste ano

A comezos deste mes celebrouse en terras italianas a Feira do Libro de Boloña, un evento internacional de renome do que a Asociación Galega de Editoras fixo parte a través do stand do Gremio de Editores de España. Na mesma feira había outro posto da Xunta da Galiza, pero continúan sen formar parte del “porque non temos un acordo para que a xestión destes espazos de promoción sexa conxunta”. Explica o presidente da AGE que están agora “pendentes de poder chegar a un acordo de cara a 2026” coa Xunta, pero este ano a situación non mudará nas feiras de outubro, a de Frankfurt (Alemaña) e a Liber de Madrid.

“Hai dous ou tres anos que a AGE vai ás feiras internacionais con medios propios da asociación ou co apoio de entidades que nos axudan”, á marxe da representación institucional que a Xunta da Galiza leva a estes eventos, acrecenta Toval, quen reclama “unha xestión conxunta co sector” destes espazos que, lembra, “son sufragados con fondos públicos”.

Tamén a AELG, que representa máis de 500 escritoras e escritores en lingua galega, critica a “falta de empatía” da Xunta. Cesáreo Sánchez pon o foco nestas feiras internacionais nas que “as editoras teñen que ir pola súa conta, e poucas poden, porque é un desembolso importante de cartos”. “Os autores e as autoras galegas son recoñecidas fóra do país”, di, algo que considera que “non se corresponde” co que acontece na Galiza. “Cando se vai a unha feira, vaise para algo; hai que ter unha programación que permita visibilizar a literatura galega”, sostén.

Desde o sector critican a falta de aproveitamento das oportunidades para a promoción da creación cultural en galego, e poñen como exemplo que no Sant Jordi, que se conmemora hoxe en Catalunya, o sector editorial catalán vai facturar máis pola venda de libros nun só día que o galego ao longo de todo o ano. As librarías están a traballar coa Xunta nun convenio que, segundo Cielo Fernández, podería constituír “un pequeno avance”.

O futuro da lingua

O presidente da AELG sinala que **“o destino da escrita en galego está vencellado ao destino do propio idioma”**. Neste contexto, enmarca o descenso do libro en galego coa caída no uso e o coñecemento da lingua entre a poboación máis nova que constatou o Instituto Galego de Estatística (IGE), do que responsabiliza en boa medida o 'Decreto de plurilingüismo' aprobado en 2010. “Se segue o decreto da vergoña vai ser moi difícil remontar”, augura Sánchez, alegando que “o número de falantes repercute directamente no número de lectores”.

Para Miguel Toval, esta é “unha cuestión urxente que hai que atallar”, e asegura que para remediar a situación “fai falta vontade, planificación e estratexia”. “Os datos son malos e a vontade das editoriais é melloralos”, afirma, mais demanda da Xunta iniciativas “consensuadas e traballadas co sector, dotación económica e un prazo de execución razoábel”.

Os Follas Novas reivindicán a importancia do libro en galego

A industria galega do libro celebrará este sábado a tradicional gala dos **Premios Follas Novas**, que repasan e premian a produción literaria de 2024. Do evento, que arrincará ás 19 horas e que presentará o actor **Xosé Barato**, informaron esta terza feira en rolda de prensa desde o Teatro Principal de Santiago o vicepresidente da Federación de Librarías de Galicia, **Óscar Porral**; **Diana**

Varela, da AELG, e **Henrique Alvarellos**, da Asociación Galega de Editoras, ademais da concelleira de Capital Cultural, Miriam Louzao, e mais a subdirectora de Bibliotecas e do Libro da Xunta, Cristina Rubal.

Na gala entregáranse premios en 13 categorías, ademais das tres distincións de honra que outorgan as tres asociacións convocantes. Por parte das editoras o galardoadado será o escritor e colaborador de *Nós Diario* **Manuel Bragado**, todo un "referente" do sector, en palabras de Alvarellos.

Óscar Porral deu a coñecer o nome do homenaxeado polas librarías, que este ano será o fundador da Follas Novas de Santiago, Rafael Silva, quen tivo nos anos 70 "a revolucionaria idea de achegar os libros aos lectores, e non telos en vitrinas", dixo. Por último, a AELG recoñece como 'escritora galega universal' a palestina Shahd Wadi, cuxo pobo "está a sufrir un auténtico xenocidio e merece toda a atención".